



# CONCELLO DE ARTEIXO

## DEPARTAMENTO DE INTERVENCIÓN

RELGA N.º MU 2000 / 141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1  
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09

Móbil: 696 45 45 34

Fax: 981 64 06 67

Email: [intervencion@arteixo.dicoruna.es](mailto:intervencion@arteixo.dicoruna.es)

### ORDENANZA FISCAL Nº 21

## **TASA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO CON MESAS, CADEIRAS, TRIBUNAS E OUTROS ELEMENTOS ANÁLOGOS, CON FINALIDADE LUCRATIVA.**

### **ARTIGO 1. *Fundamento e natureza.***

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, reguladora das Bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do R.D. lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este Concello establece a TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO CON MESAS, CADEIRAS, TRIBUNAS E OUTROS ELEMENTOS ANÁLOGOS, CON FINALIDADE LUCRATIVA, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, atendendo as súas normas ó disposto no artigo 57 do citado R.D. lexislativo.

### **ARTIGO 2. *Feito imponible.***

Constitúe o feito imponible da presente taxa, a ocupación de terreos de uso público local con mesas, cadeiras, tribunas e outros elementos análogos, con finalidade lucrativa.

### **ARTIGO 3. *Suxeito pasivo.***

Son suxeitos pasivos deste imposto, a título de contribuinte, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 36 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria e 23 do R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, a prol de quen se outorguen as autorizacións por ocupación de vía pública con mesas, cadeiras, tribunas e outros elementos análogos, ou quen se beneficie de dito aproveitamento, se se procedeu sen a oportuna licenza ou autorización.

### **ARTIGO 4. *Responsabeis.***

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas a que se refire o artigo 42 da citada Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e ós síndicos, interventores ou liquidadores de crebas, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos suposto e co alcance que sinala o artigo 43 da devandita Lei xeral tributaria.

### **ARTIGO 5. *Base do gravame.***

Constitue a base imponible desta taxa a superficie do aproveitamento realizado, expresado en metros cadrados ou cando se trate de separadores, en metros lineais.

### **ARTIGO 6. *Cota tributaria.***

1. As tarifas da presente taxa serán as seguintes:



# CONCELLO DE ARTEIXO

## DEPARTAMENTO DE INTERVENCIÓN

RELGA N.º MU 2000 / 141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1  
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09

Móbil: 696 45 45 34

Fax: 981 64 06 67

Email: [intervencion@arteixo.dicoruna.es](mailto:intervencion@arteixo.dicoruna.es)

1.- Por cada m2 ou fracción de terreo de uso público ocupado con mesas e cadeiras, veladores, paraventos, macetas, parasoles e outras instalacións similares, ó mes.....	1,60 €
2.- Por utilización de separadores, por cada metro lineal ou fracción ó mes	0,76 €
3.- Pola utilización de grellas e outros elementos auxiliares, por cada m2 ou fracción ó mes.....	1,60 €
4.- Cando os anteriores aproveitamentos se fagan en parques e xardíns, a cantidade resultante terá un coeficiente de incremento do.....	1,2
5.- Nas restantes rúas, dito coeficiente graduarase considerando a categoría da mesma, segundo o seguinte detalle:	
Primeira.....	1,1
Segunda.....	1,0
Terceira.....	0,9
Cuarta.....	0,8
5.- Tarifa mínima. Sempre que por aplicación dos anteriores epígrafes non se alcance o disposto no presente epígrafe.....	22,62 €

2. Ós efectos de aplicación do parágrafo anterior, terase en conta que como consecuencia da colocación de toldos, marquesiñas, separadores, grellas e outros elementos similares fora delimitada unha superficie maior que a ocupada por mesas e cadeiras, tomarase aquela como base de cálculo.

### ARTIGO 7. Período impositivo e devengo.

1. A taxa devengarase no momento de obter a autorización da ocupación ou utilización privativa do uso público local ou da ocupación, se se procedeu sen a oportuna licenza ou autorización.

2. O período impositivo coincidirá co mes natural, devengándose a taxa no primeiro día do período impositivo.

### ARTIGO 8. Declaración e ingreso.

No momento de solicita-la autorización do aproveitamento, o contribuinte deberá autoliquidar o importe da taxa en concepto de depósito previo na Tesourería Municipal.

### ARTIGO 9. Normas de xestión.

1. As persoas ou entidades interesadas na concesión de aproveitamentos regulados neste texto, deberán solicitar previamente a correspondente licenza, autoliquidar a taxa a que se refire o artigo seguinte e formular declaración na que conste a superficie do aproveitamento e os elementos que se pretenden instalar, así como un plano detallado da superficie que se pretende ocupar e da súa situación dentro do Concello.

3. No caso de denegarse as autorizacións, os interesados poderán solicitar deste Concello a devolución do importe ingresado.

4. Non se consentirá a ocupación da vía pública ata que non fora autoliquidadas as taxas correspondentes e fora obtida a correspondente licenza polos interesados. O incumprimento deste mandato poderá dar lugar á non concesión da licenza, sen prexuízo do pagamento da taxa, así como das sancións e recargos que procedan.

5. As anteriores ocupacións entenderanse rematadas unha vez transcurrido o prazo autorizado, debendo o interesado, de querer continuar coa ocupación, solicitar a prorroga e abonar as taxas correspondentes, segundo o procedemento sinalado en parágrafos precedentes.



# CONCELLO DE ARTEIXO

## DEPARTAMENTO DE INTERVENCIÓN

RELGA N.º MU 2000 / 141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1  
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09

Móbil: 696 45 45 34

Fax: 981 64 06 67

Email: [intervencion@arteixo.dicoruna.es](mailto:intervencion@arteixo.dicoruna.es)

---

### **ARTIGO 10. *Infraccións e sancións.***

En todo o relativo á calificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan estarase ó disposto nos artigos 183 e seguintes da Lei xeral tributaria e no disposto na ordenanza fiscal xeral.

### **DISPOSICIÓN ADICIONAL.**

As tarifas enumeradas anteriormente serán incrementadas anualmente no IPC.

### **DISPOSICIÓN FINAL.**

A presente Ordenanza Fiscal, que consta de 10 artigos, foi aprobada polo Concello Pleno en sesión celebrada o día 6 de novembro de 1998.

Foi modificada posteriormente segundo acordos plenarios en sesións celebradas o día seis de setembro de 2001, 18 de xullo de 2002, 4 de setembro de 2003, 28 de outubro de 2004, 30 de xuño de 2005, 28 de setembro de 2006 e 25 de outubro de 2007.

A presente modificación foi aprobada polo Concello Pleno en sesión celebrada o día 4 de setembro de 2008. Entrará en vigor, logo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, o día 1 de xaneiro de 2009, permanecendo en vigor ata súa modificación ou derogación expresas.